



XUNTA DE GALICIA



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, pon a disposición da mocidade galega os cadernos informativos Abracaxove. Neles recóllense, dunha maneira sinxela e condensada, as moitas medidas que a Xunta de Galicia e outras administracións e entidades galegas están a executar a prol da mocidade. Trátase de informarvos sobre unha serie de accións e recursos en distintos ámbitos, como a educación, o emprego, a vivenda, a creatividade, o lecer, a mobilidade..., de xeito que saibades os medios que existen, quen os xestiona e onde vos podeades dirixir en cada momento.

- 1 Non enredes
- 2 Educaxove
- 3 Emprégate
- 4 Mocidade Creativa
- 5 Vivenda Xove
- 6 Ti escolles
- 7 Xuventudésaúde
- 8 O teu tempo, o noso tempo
- 9 Xuventude en movemento
- 10 En clave de...

En Xuventudésaúde atoparás as campañas e actividades que se poñen en marcha para fomentar unha boa saúde, a través da práctica do deporte e a prevención de malos hábitos.



SAÚDE

Escolas sen fume



Programa-concurso
para escolares de
educación secundaria,

no que o estudiantado se comprometen, xunto ao seu titor ou titora, a non fumar durante 6 meses, ademais de realizar actividades encamiñadas a favorecer a adquisición de coñecementos nesta área. 5795 escolares participaron neste programa no pasado ano.

<http://www.sergas.es>

Programas de prevención de drogodependencias coa poboación xuvenil



Programas preventivos dirixidos á poboación infantil e xuvenil, actuando na escola e no ocio para previr o consumo de drogas. Nestas actividades de prevención participan anualmente 150.000 mozos e mozas.

<http://www.sergas.es>

Campaña de prevención de infeccións de transmisión sexual na mocidade



Divulgación de información a través de folletos para promover o uso do preservativo como método

de prevención de embarazos non desexados, das ETS e da infección do VIH/SIDA. Cada ano a campaña chega a 100.000 mozos e mozas

<http://www.sergas.es>



Campaña de prevención VIH en escolares.

Plan de Acción Anti VIH/SIDA



Divulgación de información a través de carteis, folletos e lapis como soporte da mensaxe informativa. A campaña chega aproximadamente a uns 150.000 mozos e mozas.

<http://www.sergas.es>

Campaña de vacunación fronte ao virus do papiloma humano (VPH)



Vacunación das rapazas para reducir infección polo virus do papiloma humano e as súas consecuencias. Nunha primeira fase vacináronse 7878 mozas.

<http://www.sergas.es>

Curso de hábitos de saúde e deporte. Hábitos alimenticios e actividade física



Curso dirixido á formación de técnicos/as, profesionais e demais persoas que traballan ou queiran traballar no ámbito da mocidade, sobre aspectos básicos de saúde e deporte. Contan cunha participa-

ción media de 45 persoas.

<http://www.xuventude.net>

Vitalízate



Desenvolvemento de actitudes favorables e fomento das relacións interpersoais, pretendendo reducir o consumo de drogas e/ou outro tipo de

substancias entre a mocidade. Beneficianse deste programa máis de 13.000 mozos e mozas a través da participación en obradoiros, asesoramento e formación.

<http://xuventude.xunta.es/vitalizate.html>

Quérete



Asesoramento, apoio e acompañamento da mocidade no seu coñecemento, aprendendo a aceptarse na diversidade para así poder expresarse a

través da súa sexualidade de xeito satisfactorio.

Anualmente, beneficiáronse 14.000 mozos e mozas deste programa a través da participación en obradoiros, asesoramento e formación.

<http://xuventude.xunta.es/querote.html>

Gústate



Traballar aspectos da súa propia imaxe, fomentando a súa autoestima. Téntase que a mocidade tome conciencia daqueles hábitos non

saudables ante diferentes situacións, reforzando as habilidades que lles permiten distinguir o que lle gusta e o que non nas relacións cos demais. Son máis de 12.000 os mozos e mozas que participan neste programa a través dos obradoiros, asesoramento e formación.

<http://xuventude.xunta.es/gustate.html>

Condución segura



Programa de educación viaria dirixido á mocidade que consta dun módulo teórico e doutro práctico para entender as claves de control dun vehículo e mostrar as actitudes que cómpre adoptar ante situacións de risco que poidan darse durante a condución dun vehículo. A participación supera anualmente os/as 500 mozos e mozas.

<http://www.xuventude.net>

Curso de formación de formadores en mediación xuvenil para unha condución responsable



Cursos de formación para mediadores xuvenís en condución responsable, capacitando a aproximadamente 40 persoas na impartición de charlas e obradoiros de sensibilización á xuventude para unha condución responsable, sen consumo de alcohol ao volante.

<http://www.xuventude.net>

Móvete



Programación de actuacións co fin de reducir os factores de risco que inciden na inseguridade viaria, promovendo actitudes e comportamentos

responsables. No pasado ano, beneficiáronse 10.500 mozos e mozas deste programa a través da participación en obradoiros, asesoramento e formación.

<http://xuventude.xunta.es/movete.html>





Guía mulleres embarazadas. "Decidindo sobre a planificación do embarazo"



Guía onde se dá información concreta ás mulleres sobre a planificación da xestación, tratando, entre outros temas, o embarazo non desexado, os factores a ter en conta á hora de decidir sobre a maternidade e a toma de decisións para

que a viveza desta etapa sexa o máis positiva e satisfactoria posible.

<http://www.querote.org/>

Guía Convivindo

Guía que aborda o tema da convivencia entre o alumnado, ao mesmo tempo que marca pautas básicas de actuación neste ámbito.

<http://www.querote.org/>

Relaciónate



Prevención do *bulling* a través de actuacións de cooperación co persoal docente, pais/nais, alumnado, persoal dos

centros de asesoramento... Anualmente beneficiáanse arredor de 12.000 mozos e mozas deste programa a través da participación de obradoiros, asesoramento e formación para solucionar os seus conflitos dun modo positivo.

<http://xuventude.xunta.es/relacionate.html>

DEPORTE

Convocatoria de axudas aos/ás deportistas galegos/as de alto nivel




Liña de axudas promovida pola Fundación Deporte Galego para apoiar a deportistas galegos/as de alto nivel e posibilitar o desenvolvemento do seu ren-

demento deportivo. A Secretaría Xeral do Deporte concedeu axudas a 206 mozos/as.

<http://www.deportegalego.es>

Programas de tecnificación e rendemento no centro galego de tecnificación deportiva



Axudas promovidas pola Fundación Deporte Galego para a formación integral dos/as deportistas novos/as co fin de facilitar os procesos de adestramento deportivo na procura

dun mellor rendemento deportivo futuro. Beneficiáronse 173 mozos e mozas durante o pasado ano destas axudas.

<http://www.deportegalego.es>

Subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro

**DEPORTE
PARA TODA A VIDA**

Axudas económicas dirixidas a clubs para a práctica deportiva, favorecendo a participación en competicións oficiais e o desenvolvemento de actividades deportivas, apoiando deste xeito a actividade desenvolvida polos clubs e as agrupacións deportivas escolares. Beneficiáronse 106.225 mozos e mozas directa ou indirectamente deste tipo de axudas.

<http://www.deportegalego.es>

Convenio de colaboración coas federacións deportivas galegas



Convenio promovido pola Secretaría Xeral para o Deporte que busca facilitar a práctica do deporte de cada federación, para promover esta actividade con carácter transversal como

elemento integrador das persoas con discapacidade e garantir ademais, o desenvolvemento da actividade deportiva oficial de Galicia. Beneficiáronse 231.592 mozos e mozas directa ou indirectamente deste convenio.

<http://www.deportegalego.es>

Programa Xogade



Programa da Secretaría Xeral para o Deporte que fomenta a participación en actividades físico-

deportivas en horario lectivo e non lectivo das poboacións escolares. Cada ano participan neste programa máis de 90.000 mozos e mozas.

<http://www.deportegalego.es/>



Galicia saudable



Plan promovido polo goberno galego que busca axudar a gozar dos beneficios dunha vida máis activa e saudable. Contén información práctica sobre lugares, actividades e servizos para facer exercicio na túa contorna máis próxima. Tamén facilita a relación de consultas para mellorar a saúde a través do exercicio e do deporte.

<http://galiciasaudable.xunta.es/>



galicia



XUNTA
DE GALICIA